

## POS

Fómonos facendo pos  
o Cigarro o pulmón e mais nós

Quitáronnos o Pracer  
O consumidor enfadado  
que dicía con berros de necesidade  
porca vida sen tabaco

Quitáronnos o gusto  
Aquel puro que se queimou  
pola norma infundada do goberno

Este ambiente saíu do fume  
e os gustos da Sociedade  
movéronse á rúa

As nosas adiccións  
veñen de tan vello  
como as correntes do ceo

Pero tamén sabemos a intención  
dos políticos que prohíben  
a prol da saúde

No paquete baleiro do tabaco  
quedou gravada esta norma  
A cinza do Cigarro  
fixo do pulmón un cemiterio

Mono de picadura    Cabreo  
Risco    Estrés    Destrucción

E fixémonos nós pos  
Sen o cigarro e sen o pulmón  
nós.